

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE MAIO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **CINCO DE MAIO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCÍONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

7º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o Marcelino Manuel Rodríguez Barreiro, en calidade de administrador da empresa REVOLTA 2005, S.L., Rexistro de Entrada nº 2161, de data 05 de maio de 2008, solicitando traída de augas para a vivenda unifamiliar situada no lugar de O Chopiño, parroquia de Saidres, que neste momento atópase en restauración.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda remitir este escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente ós efectos de que se inclúa a mencionada vivenda en futuros proxectos de abastecemento.

2.2.- Escrito de D^a María Sonia García Dobarro, Rexistro de Entrada nº 2160, de data 05 de maio de 2008, solicitando un vado permanente diante dunha clínica de próxima apertura para fisioterapia e gimnasio, a ubicar na rúa M^a Colmeiro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que informe sobre a viabilidade desta petición.

2.3.- Escrito de D^o Jesús García Ferro, Rexistro de Entrada nº 2163, de data 05 de maio de 2008, indicando que o cruce que da acceso a estrada que vai dende o lugar de Senra a Igrexa (Escuadro) ten pouca visibilidade, polo que solicita a colocación dun espello cóncavo que facilite a visibilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente para que proceda a dar as órdenes oportunas para a colocación do mencionado espello.

2.4.- Escrito de D^a Ana María Souto Mariño, Rexistro de Entrada nº 2024, de data 23 de abril de 2008, solicitando o bacheo da pista denominada A Gruñeira e a que vai dende a casa nº 9 a Costela, na parroquia de Margaride.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar á solicitante que polo momento o Concello carece dos medios materiais precisos para bachear os camiños, posto que o aglomerado necesario non é facilitado pola Deputación Provincial de Pontevedra; así mesmo indicar que en canto se conte con tales medios procederase o acondicionamento das pistas solicitadas.

2.5.- Escrito de D^o Luis Penela González, Rexistro de Entrada nº 2105, de data 28 de abril de 2008, solicitando ocupación de vía pública para colocación de terraza, na praza do Sinor Afranio, diante do Salón de Té Penela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslido deste escrito ó Concelleiro de Turismo.

2.6.- Escrito de D^o Jaime Troitiño Fernández, Rexistro de Entrada nº 1929, de data 17 de abril de 2008, solicitando a urxente limpeza dunha cuneta, no lugar de Souto, fronte a finca nº 676 do Plano de Concentración Parcelaria de Laro-Parada, para que as augas pluviais sigan o seu curso e non estropeen terras arables doutras fincas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslido deste escrito o Concelleiro de Obras.

2.7.- Escrito de D^o Manuel Fernández Fraiz, Rexistro de Entrada nº 2057, de data 24 de abril de 2008, solicitando a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do clube

deportivo Dezarco.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó peticionario que no prazo de dez días, a contar dende o seguinte a recepción deste acordo, e para poder proceder á tramitación da inscrición do Rexistro Municipal de Asociación do clube deportivo Dezarco, e segundo o dispón o artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, deberá presentar, ademais de fotocopia cotexada do CIF, a seguinte documentación:

- a) Estatutos da asociación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros Rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso.
- g) Certificación do número de socios

2.8.- Escrito da Asociación Galega de Enfermos pola Doazón de Órganos (AGEDO), Rexistro de Entrada nº 2098, de data 28 de abril de 2008, remitindo documentación solicitada por acordo desta mesma Xunta de Goberno, en sesión de data 10 de marzo de 2008, sobre actividades a realizar pola mencionada Asociación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito a Concellalía de Sanidade.

2.9.- Escrito de LIMCO Soc. Cooperativa Gallega de Integración Social, Rexistro de Entrada nº 1917, de data 17 de abril de 2008, indicando que é a empresa encargada por parte da Consellería de Medio Ambiente (Nº de Rexistro SC-RP-P-XTT-00024) para facerse cargo do servizo de recollida e transporte de pilas usadas en tódolos concellos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Concellalía de Medio Ambiente.

2.10.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 2147, de data 30 de abril de 2008, remitindo informe de funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Silleda, correspondente ó 1º Trimestre do ano 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.11.- Escrito de Dº Sergio Requeijo Villar, Rexistro de Entrada nº 2028, de data 23 de abril de 2008, presentando reclamación previa contra descuento en salario por Incapacidade Temporal del trabador, polo que solicita se dicte resolución pola que se acorde o pago da cantidade de 175,95 € máis o 10% de intereses de demora.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Alcaldía.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.-“Adquisición de terreo para destinalo a construcción dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).”.

Visto o expediente instruído para adquisición de terreo para destinarlo á construcción dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) que terá por obxecto cubrir as necesidades de saneamento do lugar de Bandeira.

Procedemento de adxudicación: Negociado sen publicidade.

Forma de adxudicación: Concurso.

Visto que solicitáronse ofertas a Dº Francisco Reboredo Villar, Dª Carmen Penido Collazo e Dº José Villar Lojo

Considerando que, tal e como se desprende do certificado de Secretaria únicamente presentouse oferta por parte de Dº José Villar Lojo.

Visto que a parcela ofertada é a número 1222 da Zona de Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, cunha extensión superficial de 34 áreas e 70 centiáreas, e que cumpre os parámetros e criterios establecidos pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural, para ubicación da mencionada Estación Depuradora de Augas Residuais.

Por todo isto a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Adquirir a Dº José Villar Lojo, con D.N.I. nº 76.802.104-K e domicilio na parroquia de Lamela, nº 2 (Silleda) o parcela nº 1222 da Zona de Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, cunha extensión superficial de 34 áreas e 70 centiáreas, con estricte suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo.- Establecer o precio de adquisición na cantidade de 20.820,00 euros.

Terceiro.- Formalizar este contrato, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1987, de data 22 de abril de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número Duas e final da obra “Mellora dos accesos ós núcleos de poboación e pavimentación nde vías públicas no municipio de Silleda”, nº 94 do PPC/07.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Dase conta da certificación nº Sete presentada por Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 2130, de data 29 de abril de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dº José Pereiras Sánchez, en data 23 de abril de 2008, e que ascende a un importe de 15.039,52 €, así como a factura nº 20 de 23.04.08, correspondente a esta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Sete da obra “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros”, que ascende a un importe de 15.039,52 €, así como a factura anteriormente mencionada.

4.3.- Escrito da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 2094, de data 28 de abril de 2008, notificando a exclusión do Concello do proceso de selección de proxectos de promoción de estilos de vida saudables nos Concellos de Galicia, convocado pola Orde da Consellería de Sanidade de 7 de novembro de 2007 (DOG nº 228, de 26 de novembro).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4.4.- Dase conta do expediente de solicitude de subvención para realización de actividades dirixidas á xuventude, promoción da información xuvenil e incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías, segundo a orde do 31 de marzo de 2.008 (DOGA nº 67 do 8 de abril de 2.008) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ascendendo o orzamento do proxecto a cantidade de 44.101,93 €.

Visto o informe do Interventor Municipal, sobre existencia de crédito suficiente na bolsa de vinculación 4/2, no presuposto prorrogado de 2.007, pola cantidade de 57.512,00 €, para financiar o programa de Promoción da Información Xuvenil (OMIX de Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o mencionado expediente e solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención de 33.076,44 € para a realización destas actividades.

4.5.- Dase conta da Resolución de 12 de marzo de 2.008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios loais par a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida de poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma Galega durante o ano 2.008

Visto expediente elaborado ó respecto polo departamento de servizos sociais deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda, ó abeiro da citada Resolución de 12 de marzo de 2.008, solicitar á Secretaría Xeral de Emigración unha subvención de tres

mil euros (3.000,00 □□□) para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida de poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma Galega.

4.6.- Dase conta do expediente de Dona Clotilde Mato Lamas tramitado polos servizos sociais municipais para a obtención de subvencións para rehabilitación de vivenda con destino a familias con problemática socio-económica, que ten por obxecto a instalación de ventanas na vivenda propiedade de Dona Clotilde Mato Lamas, cun importe total de 3.251 euros, dos cales, dous mil trescentos vintedous euros con catorce céntimos (2.322,14 €) serán financiados pola Excma Deputación Provincial e novecentos vinteoito euros con oitenta e seis céntimos (928,86 €) serán financiados polo Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o citado expediente para a obtención de subvencións para rehabilitación de vivenda con destino a familias con problemática socio-económica a favor de Dona Clotilde Mato Lamas.

SEGUNDO: Remitir ó expediente ó servizo de acción social da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra

4.7.- Dase conta da Orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitará Consellería de Innovación e Industria unha subvención por importe de 29.400,00 euros ó abeiro da Orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades clasificadas.

5.1.1.- Visto o expediente que estase a tramitar a nome de Dº José Luis García Seijo, para apertura de local para dedicalo a tenda de artigos de descanso, a situar na rúa Mª Colmeiro-esquina Avda. do Parque (Silleda).

A Xunta de Goberno local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico municipal, de data 29 de abril de 2008, e visto que no arquivo municipal non consta solicitude de licenzia para acondicionamento de dito local, polo que no proxecto técnico deberían constar as citadas obras, por unanimidade acorda remitir de novo este expediente á Oficina Técnica para que procedan requerir ó solicitante orzamento do acondicionamento do local.

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

Non hai asuntos que tratar.

7º.- INTERVENCIÓN.-

7.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00022-08, de data 05 de maio de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 42.886,94 € (Relación en Anexo adxunto).

7.2.- Vista a solicitude presentada pola Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira, en relación a dotación económica para o primeiro premio do Certamen de Gaitas “Manuel Dopazo”, a celebrar o vindeiro día 11 de maio no auditorio “Manuel Dopazo” de Bandeira, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda unha concesión de 1.500,00 € para o 1º Premio do mencionado certamen.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,